

TEMA 6.- COMENTARIOS DE GIOTTO: A FUXIDA A EXIPTO. O PRANTO ANTE CRISTO MORTO

A FUXIDA A EXIPTO

a.- Identificación: título; autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento: A fuxida a Exipto. Pintura mural de temática relixiosa do Gótico italiano. Autor: Giotto di Bondone. Escola Florentina. Trecento, comezos do século XIV. Localización: Capela Scrovegni ou da Area (Padua), construción realizada por Giotto. Técnica: fresco.

c.- Analiza e comenta a obra:

Italia constitúe a excepción no contexto do Gótico: nunca aceptou totalmente a arte gótica xa que se sentía a grande herdeira do mundo clásico. Como consecuencia, as catedrais góticas italianas presentaban tendencia á horizontalidade e muros grosos: isto explica que a pintura mural seguise tendo grande importancia durante o Gótico.

No **Duecento** (século XIII) en Italia pintábase á “maneira grega”, é dicir, con fortes influxos da pintura bizantina: composicións planas, ausencia de referencias espaciais, uso frecuente de fondos dourados, perspectiva xerárquica e invertida, figuras planas, estilizadas e idealizadas, cores vivas e irreais...

No **Trecento** (século XIV) xorde en Florencia unha Escola pictórica, coñecida como Escola florentina, iniciada por Cimabue, mestre do Giotto. Os integrantes desta Escola comezan a rachar coa pintura bizantina e cos convencionalismos da pintura medieval, buscando plasmar a profundidade na pintura. O grande mestre desta Escola é **Giotto**, quen acabará por converterse nun dos xenios da pintura. Giotto é considerado un dos grandes precursores do Renacemento, o “primeiro artista moderno”: a súa figura é a ponte entre a Idade Media e o Renacemento. As principais achegas de Giotto á pintura (que destacou na pintura mural ao fresco) foron:

- Lograr plasmar a profundidade, o volume, o espazo; as súas figuras son volumétricas (con aspecto escultórico) e realistas.
- Conseguiu unha nova valoración da figura do artista: abandonou o anonimato propio da arte medieval e ascendeu a valoración social da figura do artista pintor. Chegou a ter enorme fama e prestixio entre os seus contemporáneos, gozando dunha acomodada posición social e económica: as relacións que mantivo cos seus clientes preludian as futuras relacións de mecenado do Renacemento. Ademais, a

súa biografía está suficientemente documentada, a diferenza do que sucede con outros artistas medievais.

Entre as obras do Giotto sobresaen os frescos da Capela da Area, chamada así porque se construíu preto dun anfiteatro, ou Capela Scrovegni, que recibe este nome porque lle foi encargada por Enrico Scrovegni, unha das grandes fortunas de Padua, que pretendía, erixindo esta capela, expiar os seus pecados e os do seu pai, xa que a meirande parte da fortuna familiar conseguírase practicando a usura. A capela consta dunha única nave cuberta con bóveda de canón pintada con estrelas douradas sobre un fondo azul: nas paredes desenvólvese un conxunto mural que recolle momentos diferentes da vida de Xesús e da Virxe, son un total de 36 escenas enmarcadas por orlas con medallóns, semellando cadros independentes, organizadas en tres franxas superpostas.

A fuxida a Exipto representa unha pasaxe do Evanxeo de San Mateo que recolle que unha noite a Xosé aparecéuselle en soños un anxo que lle dixo que tiña que coller a María e ao neno Xesús e fuxir a Exipto pois o rei Herodes estaba levando a cabo o asasinato de todos os nenos menores de dous anos, feito coñecido como "A matanza dos inocentes", porque se enterou de que ía nacer un rei que o destronaría.

Na escena represéntase o momento no que os personaxes están fuxindo a



Exipto: María, montada sobre un asno conducido por Xosé, leva ao Neno suxeito por un pano; ao lado de Xosé sitúase un mozo cunha coroa de hedra e unha cantimplora no cinto, e na parte superior dereita, o anxo do soño de Xosé guía aos personaxes a Exipto. A escena complétase con tres mozos situados na parte esquerda que seguen ao grupo.

O centro da composición é a figura estática e ergueita da Virxe que divide a escena verticalmente en dúas metades: a dereita, onde se sitúan o anxo dos soños, Xosé e o mozo coa coroa de hedra e a cantimplora, e a esquerda, onde se sitúan os tres mozos.

Na composición observamos o afastamento de Giotto da pintura bizantina: abandona os fondos dourados e introduce a paisaxe (aínda non moi real) formada por montañas de aspecto reseco nas que aparecen algunhas árbores pequenas, polo que a escena ten lugar nun espazo real e recoñecible. O Giotto quere representar a profundidade na obra, que deixa de ser bidimensional.

Giotto imprime un ritmo tranquilo á escena pero contrasta o estatismo da Virxe co movemento que presentan o resto dos personaxes, que conversan entre eles e volven os seus rostros cara a atrás (Xosé, o anxo e o Neno), e co movemento que lle imprime ao asno, coa pata dianteira dobrada en actitude de avance.

Nas figuras, Giotto rompe cos convencionalismos da pintura medieval: desaparecen a perspectiva xerárquica e a lei da frontalidade; as figuras son monumentais, robustas, achaparradas, de perfís rectos, realistas e volumétricas (con aspecto escultórico), logrando que ocupen un espazo e produzan sensación de profundidade; presentan contornas moi nítidas -pintura lineal- e as dobras das roupas acentúan a sensación de volume e profundidade. Os rostros, representados de perfil, presentan bocas entreabertas, miradas penetrantes cos ollos riscados (coñecidos como “ollos chineses”), negros ou castaños, e nariz recto. A obra quere destacar a actitude protectora da Virxe co seu fillo.

Giotto trata de representar a luz natural, unha luz clara e uniforme que une ás figuras: esta luz será característica do Renacemento. Emprega cores suaves nas vestimentas e a cor azul no ceo, que produce sensación de afastamento. Son cores máis reais e menos vivas e intensas que as empregadas polos pintores góticos, fundamentalmente do Gótico francés, pero seguen sendo cores planas.

O PRANTO ANTE CRISTO MORTO

a.- Identificación: título; autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento: O pranto ante Cristo Morto. Pintura mural de temática relixiosa do Gótico italiano. Autor: Giotto di Bondone. Escola Florentina. Trecento, século XIV (comezos). Localización: Capela Scrovegni ou da Area (Padua), construción realizada por Giotto. Técnica: fresco.

c.- Analiza e comenta a obra: O pranto ante Cristo morto presenta con grande dramatismo o momento no que unha serie de personaxes choran a morte de Cristo, cuxo corpo foi depositado sobre o chan. Na zona inferior -na Terra-, Cristo, nu, aparece

rodeado por unha serie de figuras que se lamentan pola súa morte. Giotto coloca en torno ao seu corpo ás tres figuras principais: a súa nai María, que o abraza amorosamente, María Magdalena, que lle sostén os pés, e San Xoán, de pé. Completan a escena dúas Santas Mulleres (distínguense do resto das mulleres polos nimbos que coroan as súas cabezas), outro grupo de mulleres e dous homes: Xosé de Arimatea e Nicodemo. Na



zona superior -nun ceo azul- unha decena de anxos chorosos, con xestos de profunda dor, acompañan aos tristes personaxes da parte inferior. No fondo aparece un outeiro pedregoso e sen vexetación que ten no seu cumio unha árbore sen flores e con escasísimas follas: simboliza a morte de Cristo, pero as follas anuncian o futuro florecemento da árbore, polo tanto, a futura resurrección de Xesús.

A **obra divídese en dúas zonas**, ambas incluídas en formas rectangulares: **a inferior é a terreal, a superior, a celestial**. A unión entre ambas efectúase a través do outeiro disposto en diagonal e da árbore vertical.

Na **zona terreal é onde introduce os cambios que anuncian a pintura renacentista** (en concreto a de Masaccio, primeiro pintor do Renacemento italiano): a **composición** está enmarcada polo corpo de Cristo que é a figura principal pero non se sitúa no centro da escena senón na esquina esquerda (rompendo coa tradicional composición medieval), aparece de perfil (desaparecendo a lei da frontalidade) e non hai perspectiva xerárquica. Giotto utiliza variados recursos para destacar a Cristo: o resto dos personaxes rodéano formando un círculo, os seus xestos e miradas conflúen nel, as figuras situadas de costas ao espectador conducen a vista cara a Cristo. Nesta zona introduce a **profundidade** utilizando varios planos cara ao fondo a través dos seguintes recursos: o primeiro plano está formado polas dúas figuras femininas sedentes situadas de costas ao espectador, por Cristo e pola Magdalena; no segundo plano inclúense a Virxe e a Santa Muller que sostén as mans de Cristo; o terceiro plano inclúe as figuras das mulleres (que, á súa vez, crean varios planos en profundidade), a

San Xoán (que cos brazos estendidos entra noutro espazo e ocupa outro plano) e aos dous homes. No primeiro plano as figuras están sentadas (agás Cristo que está deitado), no segundo, sentadas ou agochadas, e no terceiro, medio inclinadas ou totalmente ergueitas: con esta disposición consegue superar a perspectiva invertida, xa que aínda que as figuras do primeiro plano son de maior tamaño non tapan ás dos planos seguintes que a medida que se afastan do primeiro plano son máis pequenas; as figuras teñen ademais un tamaño lóxico e natural de acordo co lugar no que están colocadas.

Na composición observamos o afastamento de Giotto da pintura bizantina: abandona os fondos dourados e introduce a paisaxe (aínda non moi real) formada polo outeiro de aspecto reseco e pola árbore, polo que a escena ten lugar nun espazo real e recoñecible. Giotto quere representar a profundidade na obra, que deixa de ser bidimensional. Na **zona celestial**, pola contra, a **composición** segue sendo **plana**, bidimensional, coas figuras dos anxos dispostas en vertical.

Nas **figuras da zona terreal**, Giotto rompe coa pintura bizantina: son monumentais, robustas, achaparradas, de perfís rectos, realistas e volumétricas (con aspecto escultórico), logrando que ocupen un espazo e produzan sensación de profundidade; presentan contornas moi nítidas -pintura lineal- e as dobras das roupas acentúan a sensación de volume e profundidade. Trátase de figuras dramáticas, con rostros tráxicos e tristes representados de perfil, bocas entreabertas, miradas penetrantes cos ollos riscados (coñecidos como “ollos chineses”), negros ou castaños, e nariz recto. Na **zona celestial**, pola contra, as figuras dos anxos inclúense aínda no Gótico: planas, sen volume, curvilíneas, de ritmos ondulantes, son case etéreas: isto débese a que son seres celestiais.

A **escena é profundamente dramática**, dramatismo que se transmite ao espectador mediante os xestos e actitudes dos personaxes e mediante os seus rostros. As reaccións dos personaxes ante a morte de Cristo son moi variadas e moi humanas (son figuras que teñen capacidade de amar e de sufrir), indo desde o xesto de dor contida da Magdalena e da Virxe (toda a dor do mundo se expresa no seu rostro: o seu corazón está roto), pasando pola teatralidade da Santa Muller (cos brazos levantados) e de Xoán (que abre os brazos e berra cunha dor desesperada), seguindo polas actitudes expectantes e serenas dos dous homes (que contemplan a Cristo con emoción contida)...: trátase simplemente de xente corrente inundada de tristeza pola morte dun ser querido. Logra crear unha **“unidade psicolóxica”** entre todos os

personaxes (que influirá en Masaccio) xa que están unidos por un mesmo sentimento e dirixen as súas miradas cara a Cristo.